

Resolución do 29 de maio de 2019, da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, de corrección de errores da Resolución do 9 de maio de 2019, pola que se convoca, para vinculación temporal, por concurso de méritos, a cobertura de diversas prazas de licenciado sanitario de atención especializada de dita Xerencia.

Por Resolución do 9 de maio de 2019, da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 98, do 24 de maio de 2019, convocáronse para vinculación temporal, para a súa provisión por concurso de méritos, a cobertura de diversas prazas de licenciado sanitario para os servizos sanitarios de atención especializada da dita Xerencia.

Advertido erro na citada Resolución, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

Esta Xerencia de Xestión Integrada, resolve:

Primeiro.- Corrixir o erro padecido, e así na páxina 2, base segunda: requisitos para participar na convocatoria, onde di: “Título de licenciado ou graduado en Medicina e Cirurxía, e o Título da especialidade correspondente á praza que se concursa. En caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán achegar os documentos que acrediten a súa homologación ou recoñecemento”, debe dicir: “Título de licenciado ou graduado en Medicina e Cirurxía, e o título da especialidade correspondente á praza que se concursa. Na categoría facultativo especialista de área de Microbioloxía e Parasitoloxía estar en posesión do título de Licenciado ou graduado en Medicina e Cirurxía, ou Farmacia, ou Bioloxía, ou Química ou Bioquímica e posuér o título de Especialista en Microbioloxía e Parasitoloxía. En caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán achegar os documentos que acrediten a súa homologación ou recoñecemento”.

Segundo.- Conceder un novo prazo de 15 días hábiles a contar desde o día seguinte a publicación desta corrección de errores na páxina web do Servizo Galego de Saúde e nos taboleiros de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras para a presentación de solicitudes.

Ourense, 29 de maio de 2019

O XERENTE XESTIÓN INTEGRADA

Asdo.: Julio García Comesaña

